



Concilia

+IMAXI NAR

CAMPAMENTOS
FÓRUM
Y ÁGORA

Aberta a
preinscrición
do 22 ao 24
de maio



Máis información
en coruna.gal



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña





CAMPAMENTOS MUNICIPAIS

INFORMACIÓN CAMPAMENTOS FÓRUM E ÁGORA 2023

PERSOAS DESTINATARIAS

Nenas e os nenos nadas/os entre o 1/1/2011 e o 31/12/2019
Reservarase o 10% das prazas de cada quenda (adxudicadas segundo o número do sorteo) para solicitantes con diversidade funcional nun grao que lles permita participar nas actividades co grupo.
Nestes casos, non se acometerán tarefas que requiran función médicas ou hixiénico-sanitarias.

CALENDARIO

Preinscrición: 22, 23 e 24 de maio.

Online a través da web www.coruna.gal/campamentos2023 ou www.coruna.gal/cultura

*Pódense solicitar todas as quendas que se desexen, en ambos centros e débese facer por orde de preferencia.

**Unha vez que se realice a inscrición recibirá no seu correo electrónico a resposta con todos os datos que apuntou. Comprobe que son correctos.

Publicación de listaxes de menores preinscritas/os:

29 de maio.

Reclamacións: 30 e 31 de maio.

Sorteo das prazas: 1 de xuño.

Publicación das listaxes de prazas adxudicadas e das listaxes de agarda: 6 de xuño nas webs coruna.gal/campamentos2023 e coruna.gal/cultura e no servizo telefónico 010.

Inscrición e abono: do 8 a 10 de xuño por transferencia bancaria.

Adxudicación de prazas ás listaxes de agarda: Para ocupar as prazas vacantes e as non aboadas, terán preferencia as persoas das listaxes de agarda que non obtivesen ningunha praza, respectando a orde de numeración do sorteo.

Contactarase telefónicamente coas persoas das listaxes de agarda para saber se continúan interesadas en inscribirse. Realizaranse tres intentos de contacto telefónico a diferentes horas. De non se conseguir a comunicación, pasarase á seguinte persoa da listaxe de agarda.

Calendario de chamadas telefónicas ás listaxes de agarda:

Primeira volta: o día 13 de xuño. Terán que aboar a cota os días 14 ao 16 de xuño.

Segunda volta: o día 20 de xuño. Terán que aboar a cota os días 21 ao 23 de xuño.

A partir do 27 de xuño, o resto das prazas que poidan quedar vacantes serán ocupadas polo público en xeral por orde de chegada, que se deberá inscribir na sede correspondente (nos horarios que se comunicarán) e aboalas no momento.

HORARIO

Xeral: de 10.00 a 14.00 horas.

*Coa posibilidade de ampliación horaria para desde as 8:30 ás 14:30 horas.

ESPAZOS DE REALIZACIÓN

Fórum Metropolitano e centro sociocultural Ágora.

QUENDAS

1.ª Quenda: do 26 de xuño ao 7 de xullo.

2.ª Quenda: do 10 ao 21 de xullo.

3.ª Quenda: do 24 de xullo ao 4 de agosto.
(O 25 de xullo non habrá campamento)

4.ª Quenda: do 7 ao 18 de agosto.

(O 15 de agosto non habrá campamento)

5.ª Quenda: do 21 de agosto ao 1 de setembro.

TEMÁTICAS POR CENTRO E QUENDA

CENTRO ÁGORA

- 1.ª Quenda: "De Sorolla a Picasso"
- 2.ª Quenda: "Nos orixes Castrexos"
- 3.ª Quenda: "Aventuras na Terra Media"
- 4.ª Quenda: "Xogando ao grande"
- 5.ª Quenda: "As cores da auga"

FÓRUM METROPOLITANO

- 1.ª Quenda: "As cores da auga"
- 2.ª Quenda: "Xogando ao grande"
- 3.ª Quenda: "De Sorolla a Picasso"
- 4.ª Quenda: "Aventuras na Terra Media"
- 5.ª Quenda: "Nos orixes Castrexos"

TEMÁTICAS

De Sorolla a Picasso

Co gallo da conmemoración destes dous grandes artistas utilizáremolos como escusa para gozar das artes plásticas, así como para fomentar a creatividade dos nosos nenos e nenas. Descubriremos innumerables xeitos de facer as nosas creacións empregando para iso materiais tan distintos que xamais o imaxinaríamos.

Nas orixes Castrexas

Descubriremos aos primeiros poboadores da nosa cidade. Apreciaremos e valoraremos o patrimonio que ofrecen os castros, gozando do intrigante e descoñecida que pode resultar esta cultura. Faremos unha viaxe o pasado e coñeceremos un pouco máis da sociedade que formaban os castrexos onde o respecto aos maiores e á natureza eran características da súa identidade.

Aventuras na Terra Media

Queremos renderlle unha pequena homenaxe a Tolkien, vivindo e imaxinando os mundos fantásticos que nos poden levar a soñar e crear unha chea de personaxes, historias e mundos totalmente distintos ao noso. A presenza dos libros e das historias inesgotables darán pé a todo tipo de aventuras.

Xogando ao grande

Os maravillosos xogos de mesa de toda a vida (parchís, oca, Trivial, Monopoly,...) en tamaño xigante servirannos para xogar e gozar de todo tipo de actividades: musicais, teatrais, lóxicas... unha mestura de todas elas para superar os distintos xogos e propostas diarias. Todo un universo por descubrir no que agardan multitude de sorpresas.

As cores da auga

Como todos sabemos, a auga é un elemento imprescindible para a vida. De feito, estamos rodeados dela; encontrámola no mar, nos ríos, nos diferentes obxectos... A auga transforma e dá lugar a innumerables ciclos. Buscaremos descubrir o imprescindible que é coidala e facer un uso o máis adecuado e responsable dela.

Nº PRAZAS

1.350 (grupos de 15)

COTA DE INSCRICIÓN

Só campamento: 35,00 €

Con ampliación horaria: de 38 a 42,50 €

A cota correspondente aboarase mediante transferencia á conta **ES76 2080 0036 6230 4002 1977**

Enviarase o seu comprobante por correo electrónico a forumagora@serviplus.org xunto co nome da/o participante, a quenda, o centro e modalidade horaria correspondentes.

No caso de non se realizar o pagamento nos ditos prazos a praza quedará vacante, e serán chamadas as persoas solicitantes da listaxe de agarda para cubrila.

Se unha vez aboada a cota non fose posible realizar o campamento, só se devolverá o seu importe se se cobre a praza con outra persoa solicitante.

ENVÍO DA INFORMACIÓN PORMENORIZADA ÁS FAMILIAS

Non habrá reunións informativas presenciais, enviaranse por correo electrónico todas as indicacións e normas, así como o lugar específico ao que se deben dirixir en cada sede, o grupo de idade asignado, o/a educador/a de referencia e terean unha persoa de referencia para consultar calquera dúbida o primeiro día de cada quenda.

Esta información envíase uns días antes do comenzo do turno.

MÁIS INFORMACIÓN NAS WEBS:

WWW.CORUNA.GAL/CAMPAMENTOS2023,
WWW.CORUNA.GAL/CULTURA E NO TELÉFONO 010.